

A OMIC DO CONCELLO DE PONTEAREAS INFORMA Á VECIÑANZA DOS SEUS DEREITOS NO ESTADO DE ALARMA

Dereitos dos/das consumidores/as na cancelación de eventos relacionados coas comuñóns , bautizos e as vodas no estado de alarma:

Os restaurantes, traxes, flores ou o alugueiro dunha finca soen ser os gastos máis elevados neste tipo de eventos. Debido ó coste, as empresas contratadas soen pedir un adianto en concepto de sinal ou reserva.

Nesta circunstancia extraordinaria na cal están prohibidos estes actos sociais, os clientes que se vexan obrigados a cancelar a celebración poderán reclamar a devolución do diñeiro entregado como sinal.

As partes terán un prazo de 60 días para chegar a un acordo amigable, ben aprazando a data, ben coa aceptación dun bono. Se non se alcanza un acordo, haberá que devolver o importe aboado no prazo de 14 días a contar dende a finalización do estado de alarma e as súas prorrogas.

Noutra circunstancia a cancelación dun evento deste tipo por parte do consumidor/a suporía a perda da sinal entregada, máis neste intre ao encontrarnos ante unha situación de forza maior a Administración aprobou unhas medidas de protección ao consumidor/a no artigo 36 do R. Decreto- Lei 11/2020.

No caso de ter un fotógrafo contratado, se a celebración se pospón sería aconsellable chegar a un acordo co profesional, de non ser así e ese día non se puidera dar o servizo, a empresa de fotografía debería reembolsar ao cliente as cantidades aboadas polos servizos non prestados; salvo que se houbera feito unha sesión previa á celebración da voda, bautizo ou comuñón, xa que entón o fotógrafo poderá descontar un importe xustificado das cantidades a devolver.

No caso das viaxes de “lúa de mel”, contratados nas axencias como paquetes de “viaxes combinados”, teñen dereito a solicitar o reembolso das cantidades aboadas ou recibir un bono cun ano de validez. Se o hotel e billete de avión se contrataron de xeito individual, tamén se poderá pedir a devolución dos cartos ao hotel e á compañía aérea.

A norma insta a buscar un acordo entre as partes, máis se resulta imposible, o consumidor/a terá dereito á resolución do contrato e devolución das cantidades aboadas. No caso de acordo entre as partes, deberá facerse por escrito e constar que se pospón a celebración polas circunstancias actuais, indicar unha data posterior da celebración e reflexar no documento que non suporá máis gasto para o consumidor/a co reflexado no primeiro presuposto.

Esperamos que esta información poida resultarlles de utilidade e quedamos á súa disposición para aclarar calquera dúbida ou consulta nos correos: omic.pontareas@xunta.gal ou antonia.yanes.sobral@pontareas.gal